

Bo día!

Propoño un xogo “ A CAIXA MISTERIOSA”, é unas das actividades preferidas por grandes e pequenos, que realizamos nos obradoiros de estimulación da linguaxe.



Para realizala so precisades unha caixa baleira ou unha bolsa onde meter diferentes obxetos: unha culler, un lápiz, un anel, un boneco... calquera cousa vale.

Unha vez que os obxetos estén dentro da caixa, deixaremos que o neno ou nena meta a man para tocar o que hai dentro e que pouco a pouco o describa (forma, tamaño, peso, partes..) o resto dos xogadores teredes que adiviñar de que obxeto se trata.

Para axudar aos pequenos, podemos facerlles preguntas sobre o mesmo (que forma ten? Redondo.... textura? Suave ou rugoso... E pasar a establecer comparacións (é tan grande como unha mazá, alongongado coma un lápiz, lixeiro coma unha pluma...??

Anímovos a facela na casa...

IOGA

Estes días todos e todas, especialmente os máis pequenos da casa, precisamos un pouco de movemento, non si?

Por este motivo, a proposta de hoxe é facer un pouco de ioga en familia mentras escoitamos un contiño, pois xa sabedes o que din "Mens sana in corpore sano".

Así que non perdades un minuto máis! Todos á alfombra para seguir as indicacións que nos dan as compañeiras de Yogic e pasar uns minutos tan divertidos coma terapéuticos, imaxinando, cantando e movendo o esquelete.

Podedes acceder á paxina web de [Joaqui e Juli](#), as creadoras de [YOGIC](#), onde atoparedes unha morea de recursos para facer yoga na casa.

Moito ánimo!!! ☐

TIRA OS DADOS!



Tráenos un xogo de mesa moi divertido que podes realizar na casa e xogar todos xuntos, en familia.


Propoño que a plantilla do xogo a fagades vós mesmos na casa.

Materiais necesarios:

- Un folio en branco
- Unlapis
- Un par de dados

Pasos para a elaboración:

1. Debuxa no folio unha táboa de 7x7.
2. Escribe os números do 1 ao 6 nas casillas da fila superior e da columna esquerda, deixando a primeira casilla libre en ambos casos, tal como aparece na imaxe.



3. Pensa diferentes preguntas que poderías facer e enche o resto das casillas. Non deixes ningunha baleira!

(Non esquezas pór os signos de interrogación (ao principio e ao final se escribes en castelán; tan só ao final, no caso do galego) e de pór a til nos interrogativos (qué, quién, cómo, dónde, cuándo...), pero únicamente se escribes en castelán).


Unha vez feito o taboleiro, é hora de xogar!

1. Tira os dados e busca ambos números no taboleiro (un na fila superior; outro na columna esquerda).
2. Localiza a casilla onde se unen ambos números e le a pregunta que aparece escrita.
3. Outro xogador deberá responder a túa pregunta.

Cantas cousiñas imos descubrir das persoas coas que compartimos o día a día!

Espero que o disfrutedes moito 😊

DÁLLE Á LINGUA!



Autor pictogramas: Sergio Palao **Procedencia:** ARASAAC (<http://arasaac.org>) **Licencia:** CC (BY-NC-SA) **Propiedad:** Gobierno de Aragón

Nestes días de confinamento, podemos aproveitar para facer algo que nos gusta moito a todos e a todas: darlle á lingua! Ao fin, a conversa é unha poderosa ferramenta para estimular a linguaxe de grandes e pequenos, ao tempo que compartimos un precioso tempo en familia.

Ao longo dos vindeiros días, propoñemos diferentes xogos de linguaxe que adoitamos realizar na aula, para que os poñades en práctica na casa se vos apetece.

Ademais, convidavos a ler este listado de actividades que resultan beneficiosas para o desenvolvemento da linguaxe oral e escrita e para as que non fai falla ningún tipo de material.

- * Para mellorar a musculatura orofacial: Facer mocas diante dun espello que impliquen diferentes movementos (pedorretas, chasquidos coa lingua, mandar bicos ao ar, facer pucheiros ou facer que temos un caramelo puxando coa lingua).
- * Para favorecer o sopro fonatorio: facer pompas de xabón, soprar velas, inflar globos, aprender a asubiar...
- * Para potenciar a percepción e discriminación auditiva: escoitar os sons que nos arrodean e tentar de identificar a fonte dos mesmos; cos ollos tapados, adiviñar diferentes sons que podemos producir diante do cativo (arrugar un papel, tirar unha moeda, pechar a porta...)
- * Para promover unha correcta articulación: aprender trabalinguas, cancións, rimas ou poemas que conteñan un fonema determinado.
- * Para desenvolver a conciencia fonolóxica: buscar obxectos ou imaxes que comecen ou conteñan unha letra determinada, atopar palabras que rimen ou que comecen pola mesma sílaba, xogar ás palabras encadeadas ou ao aforcado, deletrear palabras, contar sílabas...

* Para traballar o vocabulario: nomear obxectos ou imaxes dunha ilustración, facer listas de palabras atendendo a unha categoría (partes do corpo, prendas de vestir, alimentos, profesións, accións...), realizar sopas de letras...

* Para mellorar a estruturación morfosintáctica: completar oracións, inventar outras dada unha palabra, describir imaxes, obxectos, persoas..., formular ou responder a preguntas, buscar palabras dunha mesma familia (papel, papelería, papeleira, empapelar)...

* Outras actividades coas que favorecer a expresión e comprensión oral: lectura e análise de contos, resumir o argumento, inventar o final do mesmo ou un título alternativo, aprender cancións, adiviñas, poemas, narrar experiencias vividas, dramatizar diferentes situacións (xogar as tendas, por exemplo), contar chistes...

E por se a alguén lle serve, déixovos o nome da web de [Maestros de Audición e Linguaxe](#) onde podedes atopar unha morea de actividades de repaso que seguen a mesma liña proposta con anterioridade.

Un saudiño e moito ánimo!

COMEZAMOS!

Outra vez de volta nestes mundos dixitais para que poidamos continuar xogando e aprendendo ao longo destes días dende a casa.

Así que estade atentos, porque non faltarán actividades para encher as horas de xeito divertido.

Que tal se para comenzar facemos un pouco de ximnasia coa lingua?

Xa sabedes que para falar moito e moi ben é moi importante facer exercicio cos órganos bucofonatorios (labios, lingua, mandíbulas e padal), así que prestade moita atención e intentade imitar todos os exercicios propostos neste [vídeo](#) (premer ctrl+clic).


Deica logo!

Máis difícil todavía:

Propoño un reto, confeccionar un TANGRAM, e formar as figuras.

Calcamos, coloreamos, recortamos e a xogar!!

Para que sea máis resistente podeades pegar as pezas nun cartón.





águila



tortuga



águila



tortuga

© webdelmestro.com


© webdelmestro.com



burro



caballo



burro



caballo

© webdelmestro.com

© webdelmestro.com



© webdelmestre.com




© webdelmestre.com



© webdelmestre.com





© webdelmaestro.com



© webdelmaestro.com





© webdelnuestro.com





O sábado 21 de abril celebramos o Día da Poesía. Lede con atención este fermoso poema de Gloria Fuertes e intentade facer un debuxo da bonita paisaxe que describe. Non esquezades ningún dos elementos que nomea!

COMO SE DIBUJA UN PAISAJE

Un paisaje que tenga de todo,
se dibuja de este modo:
Unas montañas,
un pino,
arriba el sol,
abajo un camino,
una vaca,
un campesino,
unas flores,
un molino,
la gallina y un conejo,
y cerca un lago como un espejo.
Ahora tú pon los colores;
la montaña de marrón,
el astro sol amarillo,
colorado el campesino,
el pino verde,
el lago azul
—porque es espejo del cielo como tú—,
la vaca de color vaca,
de color gris el conejo,
las flores...
como tú quieras las flores.
De tu caja de pinturas
iusa todos los colores!

Gloria Fuertes

MEMORI

Propoño un xogo que teredes que confeccionar. E moi sinxelo , so tedes que xuntar uns poucos tapons de botellas e utilizar calquera material que teñades por casa (alimentos, retais de tea, papéis, gomets...) . A única condición e que se poñan por parellas....

Seguro que quedan chulísimos, ánimo e a divertirse...

